



## Expresarse: para niños gratis

### PARA ANDROID

O obxectivo deste xogo é de adestrar a expresión e o razoamento lóxico en nenos de 4 a 6 anos de idade.

Cada tarefa presenta unha serie de ilustracións na pantalla que xuntas contan unha historia, as ilustracións están desordenadas ao comezo da rolda. O neno ten que colocar as ilustracións ordenadamente para que así poida contar a historia destas. O xogo adestra efectivamente a habilidade de dicir oracións completas e con sentido con respecto ás conclusións lóxicas baseadas nos feitos ocorridos. Para colocar as ilustracións na orde correcta, os nenos teñen que primeiro establecer relacións lóxicas entre elas como accidentais, temporais, espaciais entre outras. E demostrar un nivel bastante alto de abstracción. Examinar as ilustracións adestra a atención e concentración.

Este xogo é moi útil para nenos/as de infantil. Pídelle ao neno/a que conte unha curta historia ou que dalgunha forma explique porque deberían estar as ilustracións nesa orde, ou que pasa nas ilustracións. Cada historia ten un comezo, un desenvolvemento e un final. Todas as ilustracións son realistas, coloridas e fáciles de entender para nenos pequenos.

Este xogo ofrece tarefas de 3 niveis de dificultade:

1. Fácil secuencias de 4 ilustracións sinxelas (por exemplo, 1. Mazá enteira, 2. Mazá mordida, 3. Mazá a medio comer, 4. Corazón da mazá).
2. Medio secuencias de 4 ilustracións que xuntas contan unha pequena historia cunha trama sinxela.
3. difícil secuencias de 5-6 ilustracións cunha trama máis longa onde o neno necesita establecer relacións accidentais e temporais.





## Juegos de atención para Niños/as

### PARA ANDROID

É unha app que consta de 15 xogos educativos para reforzar as habilidades de percepción visual e espacial, dirixida a nenos de todas as idades.

Cada un destes xogos axudará ao neno/a a procesar a información e a poñer en práctica as destrezas visuais a través de exercicios divertidos, acompañados do mapache e os seus amigos, os animais, que felicitarán e animarán aos nenos cada vez que resolvan o xogo.

### XOGOS EDUCATIVOS DE DESTREZA VISUAL

Esta estimulación visual en idades temperás actúa de reforzo para axudar no seu desenvolvemento cognitivo en áreas como a concentración e observación e previr posibles dificultades de atención e concentración. Os bebés e nenos aprenderán a:

- Identificar formas e cores.
- Coñecer os conceptos espaciais: orientación, tamaño e posición.
- Asociar siluetas e elementos.
- Mellorar a agudeza visual na procura de obxectos ou mediante actividades de figura/fondo.
- Desenvolver a destreza óculo-manual e habilidades motoras.
- Detectar e identificar obxectos discordantes dentro dunha serie de elementos.
- Potenciar a súa capacidade de atención e concentración.

### DIFERENTES NIVEIS DE DIFICULTADE

Partindo das capacidades do/a neno/a fomentar a súa destreza visual mediante actividades adaptadas ao desenvolvemento evolutivo. Para iso, o xogo ofrece tres niveis de dificultade (fácil, media, difícil).





